

1 Coloca os seguintes alimentos na tenda correspondente:

abelá	linguado	bisté	chourizo
cereixa	ollomol	xamón	figo
polo	peituga	queixo	sardiña

PEIXERÍA	CARNICERÍA	FROITERÍA	CHACINERÍA

2 Le o seguinte texto e rodea os artigos:

O Home e a Muller discuten o menú polo baixo. Soa música solemne porque, de súpeto, polo fondo do patio de butacas chega o Rei.

FARRUCO: Maxestade, Maxestade!
Benvido á nosa cidade!
Que vai ser
para beber?

REI: (*Dubida*). Mmm...
Quero a auga dun chafariz
e que ma traian de París.

FARRUCO: Ao momento!
Vaia picando un pemento,
que vén vostede famento.

O camareiro pon na mesa do Rei un pemento que estaba enriba do mostrador, ao tempo que berra.

FARRUCO: Cociña! Unha auga do país!

Chus Pereiro: *Restaurante Farruco*, Edicións Xerais, col. Merlín (adaptación).

- Di que palabras forman as contraccións do artigo que se subliñaron. Por exemplo:
polo = *por* + *o*.

.....

- Que personaxes manteñen un diálogo? E cales falan «polo baixo»?

.....